

Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación oficial da asignatura de conxunto.

Curso 2024-2025

Introdución

O conxunto instrumental constitúe un espazo de formación de primeira orde para experimentador e aplicar, ademais das habilidades adquiridas na clase de instrumento da especialidade, os coñecementos adquiridos en todas as materias. Desde este punto de vista, o conxunto tamén poderá permitir percorrer o repertorio para diversas formacións, de diferentes épocas ou estilos, co que se mostra unha vez máis que os obxectivos dunhas materias e das outras deben coordinarse desde unha perspectiva común. O proceso de ensino e aprendizaxe das especialidades instrumentais ten un forzoso carácter individual. Por iso, o currículo que agora se presenta alberga, como unha nova materia dun colectivo de estudantes, a materia de conxunto, que terá por finalidade, en esencia, a actividade de grupo, como no caso da orquestra, da banda ou do coro, todas dirixidas ao proceso de obtención de novos coñecementos e á súa aplicación na práctica social e representativa do centro en que se realicen os estudos. No presente desenvolvemento normativo considerouse conveniente reforzar as actividades de grupo e aumentar a súa presenza nos centros. A incorporación de novas especialidades instrumentais, cuxas literaturas mostran amplos repertorios de conxunto específicos, sinala a idoneidade de incluír a materia de conxunto como unha materia máis no marco dos ensinos profesionais de música. Por outra banda, razóns de índole organizativa dos centros sinalan a conveniencia de ampliar esta nova materia de grupo a favor da participación de todos os estudantes de calquera especialidade instrumental cursada. A educación musical non pode nin debe perseguir como única meta a formación de solistas. O carácter propedéutico dos ensinos profesionais de música leva consigo a incorporación do alumnado ás agrupacións que se configuren nos seus centros a fin de propiciar un marco amplo de experiencias que lle permita ao alumnado dirixirse cara á formación musical que máis se adapte ás súas calidades, aos seus coñecementos e aos seus intereses. A práctica indistinta de grupo na orquestra, na banda, no coro e, no seu caso, no conxunto que corresponda ten por finalidade facilitar a participación, a través de distintas formacións, de todo o alumnado ao procurarse unha organización máis flexible do ensino. Por unha banda, esta participación en agrupacións permitirá que determinados instrumentos con dificultades de integración teñan o marco idóneo para a práctica instrumental colectiva; por outra banda, supón a garantía da presenza activa do alumnado

nunha das actividades que, xunto co coro, a orquestra ou a banda, implican maior proxección do centro na sociedade. As tradicionais asociacións de instrumentos darán paso a un repertorio que alberga un complexo entrelado de interrelacións instrumentais sen perder a unidade de criterio e a igualdade da execución, que teñen que ser as principais metas para lograr. O alumnado, como noutras agrupacións, deberá incrementar a actitude de escoita de todo aquilo que rodea a propia execución unipersoal en favor de alcanzar aspectos inherentes a toda boa interpretación na agrupación (afinación, empaste, homoxeneidade no fraseo, igualdade no ataque, claridade nas texturas, etc.), adquirindo progresivamente unha serie de habilidades e hábitos acordes co seu papel no grupo que estará condicionado ao repertorio do seu instrumento. En síntese, igual que sucede na orquestra, na banda e no coro, o conxunto propiciará a responsabilidade compartida. Por unha banda, as relacións humanas entre o alumnado, afeito á práctica instrumental individual, levarán consigo, como membros dun corpo colectivo, todo un exercicio de adaptación ao grupo e de aceptación doutros instrumentistas. Por outra banda, a práctica en grupo motivará a actitude de escoita, propiciará a memoria de paisaxes instrumentais e fomentará o estudo individual, que reverterá no grupo e incentivarán unha actitude de disciplina dificilmente abordable en actividades individuais.

Obxectivos xerais.

Os ensinos profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- a) Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis acomodados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o goce da música.

- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Obxectivos específicos.

Os ensinos de conxunto dos estudos profesionais de música terán como obxectivos contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Profundar no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- b) Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.
- c) Respetar as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.
- d) Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- e) Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de forma que o axuste do son realícese en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
- f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- g) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- h) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- i) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.
- j) Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade adecuada ao nivel.

Contidos

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, etc.
- Agógico e dinámico.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos para tocar sen dirección.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Control permanente da afinación.
- Desenvolvemento da igualdade de ataques.
- Análise e interpretación de obras do repertorio.
- Práctica de conxunto da agrupación correspondente.
- Traballo gradual do repertorio básico máis destacable da agrupación correspondente.
- Valoración do sistema como marco da interpretación.
- Audicións comparadas de interpretacións de conxuntos, para analizar de maneira crítica as características das versións.

Criterios de avaliación

- 1) Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación de criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo, e do equilibrio sonoro entre as partes.
- 2) Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva en tanto que realiza a súa propia parte, se procede. Mediante este criterio preténdese verificar se o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Ademais, pódese valorar os seus criterios sobre unificación do son, timbre, vibrato, afinación, fraseo, etc.
- 3) Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, así como o seu grao de fluidez na lectura e comprensión da obra.
- 4) Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten o seu papel dentro deste e o respecto pola interpretación musical.

5) Interpretar en público obras do repertorio para conxunto. Este criterio serve para comprobar a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e o estilo da música interpretada.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Avaliación continua nas actividades diarias de clase

Avaliación audicións trimestrais públicas

Avaliación das probas prácticas trimestrais

Exames escritos se fose necesario

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

Técnicos: 35% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)

Estéticos: 35% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)

Actitudinais: 20% (Actitude/ Interese/ Comportamento/ Disciplina/Progreso/
Rendemento ...)

Clase Colectiva : 10%

Metodoloxía

O alumno contará con una clase colectiva semanal para fomentar o traballo grupal.



As actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases son as seguintes:

- Traballo de obras, estudos e exercicios que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso.
- Análise das obras para acadar unha contextualización que permita ubicar autores e períodos musicais.
- Traballo da lectura a primeira vista.
- Audicións que permitan a mellora da capacidade crítica dos estudantes e que favorezan a estimulación da práctica na casa.
- Traballo da música en grupo nas clases colectivas.
- Participación nas audicións propostas para expoñer publicamente o traballo realizado en cada trimestre.

Recursos didácticos.

Divididos nas seguintes categorías.

- Obras de referencia para interpretación do repertorio de cada curso.
- Obras para lectura a 1ª vista.
- Discografía para audicións.
- Bibliografía da materia ordeada por contidos.
- Material didáctico da clase.

Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou tutores legais, da necesidade de aplicar técnicas de avaliación alternativas.

Nestes casos o profesor ou a profesora e/ou o departamentodidáctico establecerá o sistema de avaliación extraordinario que considere oportuno. O alumno terá dereito a un exame no mes de Xuño.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de tres obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Atención á diversidade

Os ámbitos nos que se manifesta a diversidade son moitos: diferente desenvolvemento, idade, capacidade de aprender, motivación, coñecementos previos o intereses.

O currículo contempla que sexan os profesores os que concreten as intencións educativas o que garantirá eficacia e calidade.

A atención á diversidade comezará pola observación das actividades cotiás programadas, para obter información sobre a maneira no que se manifesta alumno e establecer as súas aptitudes e/ou carenzas e actuar en consecuencia.

Deste xeito se poderán prever dificultades e/ou dar o reforzo e apoio educativo que sexa necesario durante o proceso de ensinanza aprendizaxe.

Algunhas destas actuacións que se contemplan nesta programación son:

- a) actividades de ensinanza e aprendizaxe de diferente tipo e con diferentes graos de dificultade, tanto de reforzo coma de ampliación.
- b) Selección do material didáctica e adaptación da comunicación co alumnado.
- c) Nas clase colectivas: diferente agrupamento do alumnado e tarefas de diferente dificultade
- d) Adaptacións metodolóxicas
- e) Organización flexible do traballo ante ritmos diferentes de aprendizaxe.

Temas transversais.

1 Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. O aula telecentro do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da

comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

3 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

As actividades extraescolares estarán organizadas polo centro, i estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.. os alumnos e os seus

responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar ós alumnos e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

Audicións. Programaranse como mínimo dúas audicións ao longo do curso (como orientación, realizaríase unha no segundo trimestre, e outra a finais do curso). Debemos valoralas na súa dupla vertente: a do/a alumno/a que toca, e que exercita a súa capacidade como solista ao tempo que pon en práctica os recursos técnicos e expresivos que vai adquirindo ao longo do curso, e a do/a alumno/a que asiste en calidade de público, que exercita o seu oído musical, ao tempo que valora o traballo dos seus compañeiros desenvolvendo o seu espírito crítico.

Asistencia a concertos. Resultan positivos en todas as súas variedades: concertos de profesores, de agrupacións musicais do propio centro, de conxuntos doutros conservatorios, de orquestras profesionais, solistas internacionais, etc

Visitas culturais: o centro poderá organizar saídas cunha finalidade artístico-cultural. Especificamente, pola condición dos estudos musicais, a estas alturas da formación do alumnado é máis que recomendable a visita ao taller dun luthier (podemos atopar luthieres profesionais no ámbito galego). Esta práctica permite aos alumnos profundar no coñecemento físico do seu instrumento, así como realizar preguntas sobre o proceso de construción e reparación. Unha vez máis, estaríamos proporcionando ao alumnado elementos para o desenvolvemento dun criterio ben informado.

Asistencia a ensaios de orquestras profesionais. No ámbito galego contamos con dúas orquestras profesionais, como son a Orquestra Sinfónica de Galicia, con sede na Coruña, e a Real Filarmonía de Galicia, radicada en Santiago. Para o alumnado resulta moi enriquecedor o contacto coa profesión e a posibilidade de observar un proceso de traballo real. Sería desexable redondear o exercicio mediante unha sesión de preguntas e respostas no caso de que o director e os músicos manifestasen a súa conformidade.

Asistencia a cursos e talleres con profesores convidados. Favorece a apertura a outros procesos pedagóxicos e o contacto con alumnado pertencente a outras culturas

Programación de audicións comentadas: na medida que permítan os recursos do centro, ou as posibles achegas do corpo docente, resultan moi estimulantes as proxeccións de videos ou a reprodución de discos

de grandes obras e intérpretes, introducidos e comentados polo profesor. A actividade enriquecese en gran medida coa apertura dun debate posterior no que os/as alumnos/as poidan expoñer e confrontar as súas ideas.

Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O procedemento de valoración, revisión desenvolvemento e resultado da programación didáctica desta materia realizarase por parte do profesorado que imparte á mesma mediante as probas internas de control, os posibles exames e/o audición se concertos ordinarios ou extraordinarios, reflectindo os resultados nas actas das reunións departamentais así coma nas actas das avaliacións trimestrais do centro.

Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

O procedemento para realizar a avaliación interna do Departamento levarase a cabo polo conxunto de profesores que forman parte do mesmo e quedará reflectido na Memoria final do Departamento que se engadirá á Memoria Xeral do Centro. Na avaliación que realizará o departamento indicarase o número de alumnos da materia, baixas, aprobados, suspensos en tanto por cento, ao tempo que se sinalará aquelas circunstancias que sexan destacables do proceso de aprendizaxe do alumnado, tanto os obxectivos acadados coma os non acadados e as causas que motivaron os mesmos.

En Carballo, a 16 de xullo de 2024.